

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Publicación definitiva modificación artigo 6 da Ordenanza fiscal n° 8, reguladora da taxa por subministración/distribución da auga do Concello de Melide

EDICTO

Elevado a definitivo o acordo adoptado polo Pleno en sesión celebrada o día 7 de decembro de 2018 sobre modificación do artigo 6 da Ordenanza municipal número 8, reguladora da taxa pola subministración/distribución da auga, publicado no BOP número 237, de 13/12/2018, e unha vez transcorrido o prazo sen que se teña presentado reclamación nin alegación ningunha, publícase o texto da modificación do artigo 6 da Ordenanza número 8, reguladora da taxa pola subministración/distribución de auga, que quedaría redactado como segue:

"Artigo 6º-COTA TRIBUTARIA.

Cota por subministración de auga: a cota tributaria en concepto de taxa por subministración de auga potable resulta de aplicar á base imponible o precio por metro cúbico de consumo de auga, segundo segue:

Tarifas do servizo de abastecemento:

1.-Abonados domésticos e comerciais:

1.1.-Mínimo de 10 m³ mes: 0,3789 €/m³

1.2.-Excesos: 0,4793 €/m³

2.- Usos industriais e obras:

2.1.-Mínimo de 30 m³ mes: 0,4349 €/m³

2.2.- Excesos: 0,5350 €/m³"

A modificación entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría e o texto da modificación, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Melide, 12 de febreiro de 2019

A alcaldesa

Dalia García Couso

2019/1154